

CONTOS DO CASTROMIL
- 2 -

Rodolfo

ÚRSULA HEINZE





**Fotografía publicada na Alvarellos Editora*

Úrsula Heinze **Colonia, Alemania, 1941**

Foi profesora de lingua no seu país. Desde 1968 reside en Galicia, optou pola escrita en lingua galega, na que ten publicadas, entre outras, as seguintes obras: O soño perdido de Elvira M. (1982); Remuíños en coiro (1984); A casa abandonada (1987); Máis alá de Galicia (1989); Anaiansi (1990).

CONTOS DO CASTROMIL
Nº 2. Primavera. 1992

© Úrsula Heize.

© Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

Dirección literaria: Xosé González Martínez, Xoaquín Monteagudo, Paulino Novo, Xosé M. Rodríguez Abella.

Deseño gráfico da Colección: Fausto C. Isorna.

Fotocomposición: Zero. Santiago

Producción: Ir Indo Edicións. Vigo

Depósito Legal: VG-175-92

*Estes libros son un complemento gratuito ó seu billete de viaxe en Transportes Castromil.
A súa venda está prohibida.*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Para R.J.G.

Os ladros enrabechedos do can sacáronme da cama.

Ollei para o reloxo, que indicaba as dez e media da maná. Hoxe era o seis de xaneiro, o día de Reis.

¡Quen nabo me viña da-la lata en día santo! A noite pasada bebera un pouco máis da conta. Tiña a cabeza coma un chumbo.

Fóra o can toleaba. Unha voz coñecida tentaba acougalo sen éxito.

Petra, a miña muller, apareceu na porta do dormitorio coa nova:

—*Hai visita, apura.*

Hans era poeta e vivía na cidade. Tan amigo meu era que ó me ver nin sequera me saudou. Case sen alento e a poucos pasos da porta pousou unha gaiola de madeira dun tamaño considerable. Non me explico como foi quen de chegar ata aquí con semellante aparello. Tardei uns intres en dar creto ó que me descubriron os ollos e os oídos, pensando que se cadra aínda estaba na cama cun pesadelo. Nada diso. A cabeza e unha parte do longo pescozo dun pavo empoleirado entre dúas táboas eran tan reais como a súa risa burlona, que lle ía saíndo a golpes do bico encarnado.

O meu amigo tamén botou a rir despois de recupera-los folgos e cando se decatou da miña confusión sobre o regalo que me traía.

Comprensible, por outra banda, conforme lle parecía, porque xa tivera algúns problemas no autobús. O conductor mandáralle mete-la caixa na parte lateral contra abaixo, onde ían as maletas e obxectos de viaxe. Rodolfo, que así se chamaba o pavo, non era un obxecto e ese foi precisamente o punto da discusión.

O conductor insistindo en que si, eu en que non, que un ser vivo —e Rodolfo quería axudar, emitindo unha gargallada terrible— non pode ser nunca un obxecto, parvadas, unha caixa é unha caixa e unha caixa é un obxecto, a caixa é o de menos, o que importa é o de dentro...

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Seguimos deste xeito ata que unha ducia de pasaxeiros tomaron cartas no asunto, porque os minutos pasaban e eles tiñan présa por marchar. Entre todos decidimos ó final que a caixa podía quedar comigo dentro do autobús colocada no chan na fila traseira, que estaba totalmente baldeira. A manobra custou algún traballo. Amais, tiven que me comprometer a que o pavo permanecese calado durante toda a viaxe.

Supoño que esa fora a razón pola que o animal desafogaba agora dunha maneira tan enxordecadora. Rodolfo padeceu un inconfundible ataque de risa, que o converteu no protagonista absoluto de tódolos que estábamos alí e que o tivemos que aturar mudos e perplexos. Mesmo o can calou asustado.

O primeiro que recuperou a fala foi o meu amigo Hans, que nos contou a procedencia do cantareiro Rodolfo.

Na Noitevella Hans e maila súa muller celebraran a chegada do ano novo nunha sala de festas, onde se xuntara un grupo de amigos escritores e pintores. Desde había moitos anos adoitaban organizar unha festa. Esta vez ocorréuselle a un pintor novo facer unha tómbola para ameniza-la noite dun xeito especial á parte de beber e comer. Foi o mesmo home que doou o pavo, que á súa vez llo regalaran uns tíos da montaña de Lugo.

Pasadas as doce badaladas do ano vello, puxéronse á venda as rifas. Malia as protestas da muller, Hans non pensaba adquirir ningunha. Ó final mercou unha soa, polo chiste, como dicía, e non por comprace-la muller, aínda que despois lle botou a culpa de todo a ela.

Tocoulle o pavo, como non.

Por unhas horas foron a atracción do local, porque non se gaña un pavo tódolos días. Os problemas xurdiron máis adiante.

A altas horas da madrugada marcharon para a casa co pavo dentro da caixa. O animal estaba tranquilo e parecía durmir gustosamente.

O rebumbio empezou nada máis entrar no ascensor, mellor dito, ó non poder entrar nel. Collía a caixa ou collíamo-las dúas persoas. A rancas e a trancas metémo-la caixa e meteuse a miña muller. Mentres eles subían todos tesos, eu collín escaleiras arriba correndo o máis rápido que me permitiron as pernas despois dunha noite de troula.

Xa me estaban agardando no sexto piso a muller e mailo «obxecto», como diría despois o conductor do Castromil.

No momento de entrarmos na casa, espertou o pavo. Algo o debera animar, un cheiro a comida ou non sei que. Empezou a rir sen compaixón dos veciños que durmían nos pisos de arriba, de abaixo e do lado.

¡Pois, vaia broma!

Falámoslle: *¡Pst! Pst!*

Esixímoslle: *¡Cala, desgraciado!*

Rogámoslle: *¡Pecha o peteiro, por favor!*

Inútil. O animal animábase cada vez máis.

- *Terá fame* — sospeitou a muller.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

- Ou estará incómodo na súa gaiola.

Supoño que eran as dúas cousas xuntas. Ceibámolo na sala, pensando que a alfombra se semellaba máis a un prado co chan frío e esvaradío do cuarto de baño ou da cociña.

A risa de Rodolfo mingou de contado, porque se puxo a pescuda-lo sitio. O malo foi que usou as ás para as súas exploracións. Como a sala era pequena, tropezou con floreiros, vasos, cortinas e mobles, guindando e escachifando todo.

Asustados, abrímo-la porta do corredor para lle dar máis posibilidades de se mover.

- Seguro que acouga, dándolle de comer - matinou a muller-. Voulle preparar unha pouca de carne.

A min mandoume porlle unha cunca con auga e a ver se lle gustaban uns ovos crus.

¡Vaia larada que se armou!

Despois de baldeirar ansiosamente a metade do líquido, perdeu o interese e guindou o resto da cunca por enriba da alfombra. É só auga, tranquiliceime, non mancha, non pasou nada. Nisto Rodolfo colleu un ovo co peteiro, ergueuno graciosamente no aire e despois soltouno. Aterrou nun segundo no chan, espaxando o contido polas flores grises da alfombra. Antes de conseguir frealo, volveu coller outro ovo, que foi parar debaixo do armario, estalando ó toca-la parede do fondo. Menos mal que non había máis ovos dispoñibles naquel momento, pero a desgracia non acabou aínda.

Rodolfo dérase conta dos estantes na parte superior do armario. Cun lixeiro bater de ás alcanzou os libros, turrando por un, por dous ou por varios xuntos, segundo o peso e o tamaño. Unha vez os libros no chan, comezouse a interesarse polo contido, dándolles voltas ás follas con tanta ansia e impaciencia que sacou esquiñas, metades ou páxinas enteiras. Debíalle encantar de maneira especial un libro con fotos grandes de moitas cores sobre «*A Nosa Fauna e Flora*». Puxo unha pata enriba e conseguiu arrincar tódalas follas con só tres peteiradas. Todo un récord.

Eu non sabía se admirar ou castigar ó Rodolfo pola súa habilidade. Lembrei tarde de máis filma-lo espectáculo coa vídeo-cámara. Podería preséntalo a «*Vídeos de Primeira*».

Tamén perdín unha ocasión única cando apareceu a muller coa comida. O pavo cheirou a carne, colleu pulas para se erguer do chan e bateu contra a muller, que caeu cun berro para atrás, golpeando a cabeza contra o marco da porta.

A Rodolfo, loxicamente, non lle importaba a sorte, a mala sorte neste caso, da muller, senón a comida. Era listo o condenado, porque entre as cachizas do prato rompido soubo dar cos anacos de carne sen se equivocar nunca. A alfombra semellaba un cadro de Kokoschka: cores sen fronteira.

Aínda hoxe perduran rastros dun pasado inusual, pero auténtico.

En resume: Rodolfo marchou e rompeu no piso aquel día todo canto atopaba por diante.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Mais tanto o bo coma o malo remata algunha vez e o pavo deitouse por fin co bandullo cheo entre «A Nosa Fauna e Flora» e os restos do tomo 15 da *Gran Enciclopedia Gallega*, non sen antes soltar unha última risada feliz aquela noite-madrugada.

Xa era hora de pasar para dentro e tomar algo quente. Eu viña da cama e notaba como o frío me subía polo lombo. Petra, muller práctica e decidida, tivo a feliz idea de leva-lo pavo ó curral.

—*¡Non! ¡De ningunha maneira!* — protestou Hans cando se decatou da intención de Petra—. *Non pode estar con outros animais, porque non está afeito. Asustarase, frustrarase para o resto da súa vida* — explicou, agarrando a gaiola coa man.
—*Non será para tanto; ti déixame a min.*

Petra soltou a man de Hans e levou a caixa a rastro, cousa que enfureceu o pavo dun modo descomunal. Oímo-la súa risa insultante durante longos minutos.

Hans sufría. Eu buscaba a maneira de distraelo, interesándome polos incidentes dos meus amigos con Rodolfo durante os pasados cinco días. Hans manifestou que era mellor non lembrar nada do pasado, mellor non falar, porque sufriran un verdadeiro inferno. Á muller e mais a el gustábanlle-los animais, mais non ata tal extremo. A muller aínda estaba na cama, recuperándose da caída. Pensaban pedir un crédito no banco para renova-lo piso. O que máis lle preocupaba era a denuncia de varios veciños. Declaraban que el convertera o piso nunha granxa de animais. Mentira, un pavo só non é unha granxa.

Seguimos comentando o asunto durante algún tempo. Petra preparou café e serviu biscoito feito na casa. Coñecendo ó noso amigo, non podía faltar unha botella de augardente. Por pouco Hans esqueceu a saída do autobús á unha da tarde.

De Rodolfo nin se despediu, porque marchou contento e liberado.

O pavo quedou connosco. Era o animal que nos faltaba no quinteiro.

Petra deixouno ceibe. Saltaba á vista e ó oído que non se levaba ben coas galiñas, unha especie que despreciaba sen ningún disimulo.

Rodolfo era unha ave moi *sui generis*, facendo fachenda dun esnobismo extraordinario. Amasaba unha necesidade case enfermiza de protagonismo, chamando a atención onde e como podía. Axiña se converteu no dono indiscutible da nosa horta e das hortas veciñas. Adoitaba facer caso omiso de peches e valos, asustando coa súa presenza e coa súa voz a persoas e animais.

O nivel de estima que Petra e mais eu acadaramos entre os veciños e amigos foi baixando de día en día, malia os nosos esforzos en lles pedir comprensión a eles e respecto pola propiedade allea a Rodolfo.

A situación e o comportamento do pavo empeoraron aínda máis coa chegada da primavera. Os sentimentos amorosos non correspondidos por falta dunha pava, volveron tolo a Rodolfo. Pavoneaba ininterrompidamente diante das galiñas, das vacas

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

e dos porcos, abaneando as plumas traseiras e rindo sen parar. Era una beleza, había que admitilo, unha beleza algo molesta, sen embargo.

O can como garda da casa sobrou de alí en diante. Calquera persoa que pisaba o noso patio era recibida cuns berros furiosos —xa non se podía falar de risa— e cuns ataques contra o peito ou o lombo, segundo a reacción do visitante.

Rodolfo axiña se fixo famoso por toda a comarca. Mesmo aparecía xente descoñecida só para velo, velo desde unha distancia prudente, enténdese.

A vecina quíxolle traer a Petra a semana pasada un pastel para probar. Co susto que papou ó se lle pousar Rodolfo na cabeza, deixou cae-la fonte, fuxindo do lugar tan rápido como puido. O único que probou e gozou do doce foi o pavo.

Ó carteiro arrincoulle unha mañá a carteira, distribuíndo a correspondencia nunha patada desde o aire por toda a aldea.

Cando aparcou o coche da policía diante da taberna á beira da nosa casa, Rodolfo atacou o teito e o capó, rompeulle un dos limpaparabrisas e non meteu o peteiro na roda porque o taberneiro llo impediu, botándolle un caldeiro de auga enriba. Por outras experiencias semellantes aprendera que a auga era a única cousa que Rodolfo realmente temía.

O domingo pasado viaxou gratis no teito do Castromil, aproveitando unha curta parada diante do noso portal. Vino partir e por unhas horas alimentei a estúpida esperanza —os seres humanos non perdemos nunca a esperanza, mesmo en

situacións absurdas— de que se ausentase deste xeito «airoso» para sempre.

Non faltou nin medio día. De noite oímo-la súa risa rouca no patio. Parecía canso e esgotado, coas plumas sucias e desordenadas. Rexeitou a comida que lle botou Petra. Bebeu só uns grolíños na pía. Recolleuse contra a parede do galiñeiro, onde acostumaba durmir, e permaneceu toda a noite calado. Quen sabe o que lle acorrerá na excursión enriba do autobús.

Non choraría a súa perda se morrese esta noite, matinei para min, e coido que Petra pensou o mesmo.

Quen morreu foi o meniño do taberneiro. Nacera con problemas respiratorios e os médicos non conseguiron salvalo. Toda a aldea acompañou os pais no funeral. E digo toda a aldea, porque tamén o curioso do Rodolfo fixo acto de presenza no cemiterio. Para non perder ningún detalle, decidiu pousar enriba do valo que rodea o camposanto.

Eu suei sangue ó velo alí enriba, temendo a súa terrible risa nos momentos máis inoportunos.

Supoño que tanta xente xunta e vestida de loito impresiona ata a un pavo e, milagrosamente, aguantou co peteiro pechado, co peteiro pechado ata que... se lle ocorreu a un rapaz guindarlle unha pedra, que lle foi bater en toda a peituga.

Estoupou o escándalo.

—*¡Bicho noxento!*

—*¡Cago na nai que te pariu!*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

—*¡Demo de trasno, lisca de aquí!*

—*¡Agarda, que che retorzo o pescozo!*

—foron só algúns dos insultos que lle dirixiron ó animal.

E el coma se nada. Riu e berrou a todo pulmón, abandonando despois o lugar.

A partir deste incidente tiveron moi clara unha cousa: compría desfacerse del e sen tardar moito. Por decisión propia o pavo non nos deixaría nunca, disto estaba convencido. A cuestión era, con todo, se me podía separar coa conciencia tranquila dun regalo que me confiara un amigo. Para min os regalos dos amigos son sagrados, porque tamén os amigos o son. A amizade significa para min, se cadra, a virtude máis salientable nas persoas. E tampouco estaba disposto a traicionala baixo ningún concepto nesta ocasión.

Petra mostraba menos escrúpulos neste aspecto, propoñendo unha solución extremista: matalo.

—*¡Non! ¡Non! ¡Non!* —berrei case con voz de Rodolfo.

Había que buscar outra saída. Preguntei na familia, comentei o caso cos veciños, co señor cura e con canta xente había polos arredores. Ninguén o quería e se alguén o aceptaba era co firme propósito de matalo de contado. Que non o matasen era precisamente a única condición esixida por min.

Pasaron días e semanas e non sabíamos que facer.

Unha mañá trasladeime no Castromil á vila para lle pedir a

Hans que recollese o seu regalo. Cal non foi a miña desilusión ó descubrir que mudara para outra cidade sen deixar ningún enderezo novo. Todo estaba en contra miña. Deica a tarde non tiña autobús de volta.

Sen saber como mellor mata-las horas, collín en dirección ó parque para sentar nun banco e pensar. Polo menos agora tiña man libre para decidi-lo futuro de Rodolfo. Hans non aparecería máis por aquí e non sabería nunca a sorte que correrá o seu pavo.

Buscando un banco onde quentase o sol, pasei por diante dun espacioso recinto pechado con árame dunha altura de varios metros, o que se chama unha «voliere» segundo me dixeron despois. Dentro víanse árbores con niños e cantidade de aves e paxaros bonitos.

¡Como non me decatara disto antes!

En teoría todo parecía doado e de rápida solución. Na práctica resultou toda unha aventura burocrática dar co responsable da «voliere», porque unha cousa era ser encargado do parque e outra moi distinta da «voliere», ou sexa, había que distinguir claramente entre a cuestión botánica e a zoolóxica. Un envurullo que non entendían nin as mesmas persoas do concello coas que falei. Aconselláronme que espuxese o asunto por escrito, animándome a ter fé no éxito definitivo da miña xestión.

Durante a viaxe de volta no Castromil seguí a matinar no tema, tomando mentalmente notas do que ía escribir:

Excelentísimo señor encargado da «voliere».

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Gustábame o comezo. A ver como lle presento a miña proposta a continuación.

Teño por ben ofrecerlle un magnífico exemplar da nasa fauna avícola galega, un pavo domesticus, tamén chamado pavo común...

Non soaba mal de todo para introduci-lo asunto. Destacaría especialmente o carácter de doazón de Rodolfo pola miña parte, coa única condición de que o tratasen ben. Calaría, xa que logo, tódalas trasnadas que cometerá, sulíñando, iso si, o seu afán por atrae-lo público, cousa que na aldea o conducía irremediabilmente á frustración...

Máis ou menos exporía así o tema. Acollerían a Rodolfo cos brazos abertos, seguro. Amais, era un exemplar sumamente lucido da súa especie, impresionaba pola súa arrogante beleza.

Case era de noite cando cheguei á casa. Estaba algo canso, pero de bo humor e satisfeito por ter parcialmente cumprida a miña empresa. Dentro de pouco solucionaríanse tódolos problemas, tanto polo ben de Rodolfo coma para nós.

De súpeto e sen o poder explicar, invadiume unha sensación estraña. En ocasións experimento algo coma un sexto sentido.

Ó cruza-la eira desde o portal ata a porta de entrada da casa, notei un silencio inusitado. Co ruído do can non contaba, porque desde que o pavo tomara posesión da horta el entendera que os seus ladros sobaban e acabara por enmudecer.

Sospeito que o cheiro foi o que me alertou, aínda que a estas

horas da noite a xente adoitaba queima-lo que de día era perigoso por mor da calor.

- ¿Petra? ¡Peeetraaa! ¿Onde demo estás?*
—*Na cocina. ¿Que che pasa?*
—*A min nada. ¿Onde está Rodolfo?*
—*¡Senta! Pareces moi nervioso. ¿Cómo che foi na vila?*
—*¡Que vila, nin porras! Contesta o que che pregunto.*
—*¿O que?*
—*¡Rodolfo!*
—*Se non acougas non che digo nada.*
—*Non desvíe-lo tema. Eu estou tranquilo. ¿Que fixeches o pavo?*
—*Pois, non che teño que lembra-la cantidade de disgustos que nos causou. Ben sabes que non podiamos seguir así.*
—*¡Corta a leria! Ó conto, se pode ser. ¿Onde está Rodolfo?*
—*Se tanto insistes en querelo saber, pois, non teño inconveniente en cho revelar. Ó pouco de marchares, apareceu por aquí un home que me dixo que viña de parte do taberneiro. Mostrou interese polo noso pavo.*

Dirixiuse á mesa para abrir un caixón e sacou uns cantos billetes.

- ¡Toma! Ai te-los cartos.*
—*¿Cartos? ¿Que cartos?*
—*Os cartos do pavo. Gustoulle moito. Contoume que era disecador de toda clase de aves e que o noso Rodolfo resultaría realmente unha peza mestra. Desta maneira estará vivo e morto ó mesmo tempo. ¿Non che parece a solución ideal?*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

CONTOS DO CASTROMIL

- 2 -

Os “Contos do Castromil” foron unha serie de 30 relatos de autoras e autores galegos que se repartían a bordo do autobús nos anos 90, chegando a distribuírse 450.000 exemplares. Ningún cobrou polos textos mais si recibiron un carnet que lles permitía viaxar sen pagar nas liñas do Castromil.

Foi unha iniciativa da Asociación de Funcionarios para la Normalización Lingüística, contou co patrocinio da Xunta de Galicia e foron editados por Ir Indo entre 1992 e 1994.

Monbus decidiu reeditalos dixitalmente para que cheguen a máis xente e seguir difundido a literatura e a cultura en galego.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Contos do Castromil é unha colección que pretende achegar ó lector e viaxeiro unha selección de autores de relato galego que o leven tamén pola rota da imaxinación.

